



### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial

#### SERVIZO DE RELACIÓNS LABORAIS

#### ANUNCIO DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

En cumprimento do disposto na normativa legal vixente sobre o depósito de estatutos de asociacións profesionais, e para os efectos previstos na mesma, co obxecto da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, faise público que no correspondente Servizo deste Departamento Territorial foi depositada o 31 de xullo 2009 certificación da reunión celebrada o 19 de xuño de 2009 pola asemblea xeral da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA 1ª TRANSFORMACION DE LA MADERA DE LUGO, na que se recolle o acordo acadado en relación coa modificación íntegra dos seus estatutos.

Lugo, 1 de setembro de 2009.- O Xefe Territorial, Antonio Dacal López.

R. 04852

### Excm. Deputación Provincial

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

##### 1. LICITACIÓN.

a) Denominación do contrato: ADECUACION EN PLANTA PRIMERA DEL MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

##### 2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

##### 3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.

188.274,13 euros e 30.123,86 en concepto de IVE.

##### 4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 25 de agosto de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 188.072,48 euros e 30.091,60 euros de IVE e nun prazo de execución de 4 meses.

##### 5. ADXUDICATARIO.

Decoración y Construcción Luís A. Torres García, S.L.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

##### 1. LICITACIÓN.

a) Denominación do contrato: RIBAS DO SIL.- MEJORA Y RENOVACION DEL AFIRMADO DE LA C.P. 5302 DE S. CLODIO A CASARES P.K. 3,320 AL 15,600.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

##### 2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

##### 3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.

647.402,46 euros y 103.584,39 en concepto de IVE.

##### 4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 25 de agosto de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 595.610,26 euros y 95.297,64 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 33.173,75 euros e nun prazo de execución de 3 meses.

##### 5. ADXUDICATARIO.

AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A. (ACOVAL, S.A.).

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA****1. LICITACIÓN.**

a) Denominación do contrato: CASTRO DE REI.- ACDDTº Y MEJORA DE LA C.P. 11-02 DE COTO DE A, POR ANSEMAR, A CASTRO RIBERAS DE LEA Y ACCESO AL CASTRO DE VILADONGA P.K. 0,000/10,240.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

**3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

785.400 euros y 125.664 en concepto de IVE.

**4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 18 de agosto de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 688.795,80 euros y 110.207,33 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 91.238,92 euros e nun prazo de 4 meses.

**5. ADXUDICATARIO.**

ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral, Faustino Martínez Fernández.

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA****1. LICITACIÓN.**

a) Denominación do contrato: LUGO.- ACONDICIONAMIENTO DE LA C.P. 2906 DE ARIEIRAS POR CUIÑA A VILALVITE P.K. 0,000/5,870.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

**3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

511.206,90 euros y 81.793,10 en concepto de IVE.

**4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 18 de agosto de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 434.525,86 euros y 69.524,14 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 47.492,26 euros e nun prazo de 4 meses.

**5. ADXUDICATARIO.**

CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA****1. LICITACIÓN.**

a) Denominación do contrato: SARRIA.- MEJORA Y RENOVACION DEL AFIRMADO DE LAS Cs.Ps. 5706 DE LA LU-636 POR SETEVENTOS A MONSEIRO, P.K. 0,000 AL 5,015 Y 5,707 DE AGUIADA A LOUSEIRO, P.K. 0,000 AL 1,750.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

**3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

661.922,25 euros y 105.907,56 en concepto de IVE.

**4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 21 de agosto de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 588.448,88 euros y 94.151,82 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 76.731,88 euros e nun prazo de execución de 3 meses.

**5. ADXUDICATARIO.**

ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA****1. LICITACIÓN.**

a) Denominación do contrato: BECERREA.- MEJORA Y RENOVACION DEL AFIRMADO DE LA C.P. 0708 DE CEREIXAL A LOUXAS, P.K. 0,000 AL 10,000.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

**3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

669.237,34 euros y 107.077,97 en concepto de IVE.

**4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 18 de agosto de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 575.000 euros y 92.000 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 46.579,00 euros e nun prazo de 3 meses.

**5. ADXUDICATARIO.**

TABOADA Y RAMOS, S.L.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA****1. LICITACIÓN.**

a) Denominación do contrato: SEÑALIZACION DE VIAS PROVINCIALES SECTOR NORTE (ZONAS 1, 2, 3, 4, 5 Y 6).

b) Tipo de contrato: OBRAS.

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

**3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

952.000.- euros e 152.320.- en concepto de IVE.

**4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 2 de setembro de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 762.076,85 euros e 121.932,30 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 143.276 euros en un prazo de 6 meses.

**5. ADXUDICATARIO.**

Estampaciones Casado, S.A.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA****1. LICITACIÓN.**

a) Denominación do contrato: SEÑALIZACION DE VIAS PROVINCIALES SECTOR SUR (ZONAS 7, 8, 9, 10, 11, 12 Y 13).

b) Tipo de contrato: OBRAS.

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado con publicidade.

**3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.**

975.800.- euros e 156.128.- en concepto de IVE.

**4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.**

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adxudicación: 2 de setembro de 2009.

d) Prezo total de adxudicación: 778.470.- euros e 124.555,20 euros de IVE e con unha mellora de obra por importe de 149.882,88 euros e un prazo de 6 meses.

**5. ADXUDICATARIO.**

Estampaciones Casado, S.A.

Lugo, a 2 de setembro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 04861

**INLUDES**

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DO PROGRAMA DE APOIO AOS AUTÓNOMOS 2009 DO INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL –INLUDES-.

O Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social –INLUDES- ven de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións en cumprimento do establecido na normativa reguladora estatal e autonómica. A finalidade que se persegue co este plan no ano 2009 é apoiar e coordinar a cobertura de necesidades dos municipios e dos cidadáns da provincia de Lugo relacionadas cos catro planos básicos existentes nas liñas básicas de actuación do goberno provincial: O territorio, as persoas, os sistemas produtivos e o goberno local.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2009, busca aumentar a coherencia das subvencións do INLUDES entre as institucións públicas ou privadas, os recursos e as necesidades. Esta coherencia perséguese a través dunhas liñas estratéxicas que se agrupan en tres eixes:

a) A vertebración da provincia, afondando particularmente na relación entre os Concellos, o tecido asociativo dos municipios, as institucións e administracións públicas que inciden nas relacións sociais, culturais, e de promoción económica e financeira dos pobos da provincia.

b) A adaptación dos recursos ás necesidades mediante a diversificación de dispositivos ou a adaptación dos existentes, incluíndo como principais novidades a prevención e a atención ao medio rural.

c) A política para as persoas como eixo central de actuación.

Estes eixes estratéxicos desenvólvense a través de distintas liñas estratéxicas de actuación sectoriais, entre as que se encontran aquelas dereita e intimamente relacionadas ca promoción do emprego, e a promoción, apoio, modernización e rehabilitación de áreas de actividade económica na nosa provincia:

Liña de actuación 1.1: Accións para a promoción do emprego.

Descrición: Axudas eficaces para a xeración de emprego estable, creadoras de vínculos de interese mutuo entre a poboación e o seu propio territorio; para a elaboración de estudos ou actividades de investigación, fomento e defensa dos intereses empresariais xerais e comúns da provincia ou a asistencia a actividades formativas que posibiliten a profesionalización e especialización dos axentes implicados no desenvolvemento do emprego.

Obxectivos:

- Mobilización de recursos.
- Corrección de desequilibrios comarcais.
- Capacitación e fixación de man de obra productiva.
- Información, asesoramento e promoción do cooperativismo.
- Promover o desenvolvemento da actividade empresarial, a mellora dos rendementos, a produtividade das empresas e a formación dos empresarios e traballadores.

- Fomentar contactos e colaboracións con entidades españolas e estranxeiras de análoga natureza que teñan repercusión no territorio provincial.

Prazo de execución: ano 2009

Contía orzamentaria: 206.000,00 euros

Liña de actuación 7.1 : Promoción, apoio, modernización e rehabilitación de áreas de actividade económica na nosa provincia.

Descrición: Axudas para calquera outra actividade que supoña un fortalecemento do tecido empresarial da provincia como a posta en marcha de novas empresas, a adquisición de activos fixos, a contratación de servizos e contratos de asistencia técnica para a reformulación de procesos, axudas para a reconversión industrial, proxectos piloto e plans experimentais en materia de I+D+I...

Obxectivos:

- Estimular o crecemento dos sectores productivos, mellorando as súas condicións ambientais e a súa competitividade.

- Incorporación de innovacións tecnolóxicas e de xestión (robotización, automatismos, informatización...)

- Creación de emprego.

- Contribuír o aproveitamento racional dos recursos naturais renovables e enerxéticos

Prazo de execución: Ano 2009

Contía orzamentaria: 463.500,00 euros

Considerando que o colectivo de autónomos da provincia, necesita dunha especial protección nos momentos actuais de crise, e que simultaneamente presentase como un axente socio económico idóneo a través de quen a aplicar políticas dirixidas á reactivación económica e a promoción do emprego, desenvólvese o Programa de Apoio aos Autónomos 2009, refundindo os obxectivos das dúas liñas de actuación expostas anteriormente.

Así establececese que as axudas que se outorguen con cargo a este programa nutriranse, proporcionalmente a súa dotación financeira, de ámbalas dúas liñas sectorias nas seguintes porcentaxes:

Liña	Descrición	Orzamento	Porcentaxe contribución a axuda
1.1	Accións para a promoción do emprego.	206.000,00 euros	31,71671 %
7.1	Promoción, apoio, modernización e rehabilitación de áreas de actividade económica na nosa provincia.	463.500,00 euros	68,28329 %

Coa finalidade de acadar os obxectivos expostos se dispoñen as presentes bases que regulan o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións para autónomos da provincia de Lugo con cargo aos vixentes Orzamentos Xerais do INLUDES da acordo coa lexislación vixente, entre outra:

- A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

- RD 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

- A Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.

- O Regulamento Orgánico da Deputación

- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno do INLUDES vixentes no momento da concesión.

Base 1. Obxecto das axudas:

E obxecto das axudas o apoio aos autónomos da provincia de Lugo coa finalidade última da reactivación económica e a promoción do emprego.

## Base 2. Aplicación orzamentaria

As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto destas bases reguladoras serán con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do Orzamento desta entidade para o ano 2009:

32200 489	Outras transferencias	206.000,00 euros
72100 470	A iniciativa privada	463.500,00 euros

## Base 3. Principios de xestión:

A xestión deste programa realizarase da acordo cos principios reitores que rexen as actividades do INLUDES: Igualdade, solidariedade, universalidade, globalizade, publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, planificación, descentralización, integración, fomento da iniciativa social, accesibilidade aos servizos, atención integral, integralidade do sistema de subvencións, compatibilidade entre integralidade e estruturación territorial, distribución equitativa dos recursos, cooperación entre administracións, colaboración de entidades privadas, coordinación e garantía de bo funcionamento.

## Base 4. Beneficiario/as:

1. Poderán ser beneficiario/as das subvencións os autónomos/as, sempre que cumpran as condicións requiridas nestas bases e nas que concorran as seguintes circunstancias xerais:

a. Que a data de alta no réxime de autónomos, sexa como mínimo anterior a 31 de decembro de 2008, e este sexa mantida ao longo de toda a vixencia do procedemento ata a súa total liquidación e extinción. Terase en consideración como data de inicio aquela na que causaran alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, desde a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

b. Que teñan a condición de PEME, da acordo coa Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea, de 6 de maio de 2003 (recollido no anexo I das presentes bases)

c. Que a renda neta do solicitante no exercicio 2008, elevada ao ano natural, non supere o IPREM anual establecido para este exercicio (7.236,60 euros). No caso de autónomos que desempeñen diversas actividades, o beneficio neto será a resultante do conxunto de actividades que desempeñen.

d. Que realicen as accións susceptibles de subvención en sectores distintos da pesca e acuicultura, construción naval, carbón, aceiro e fibras sintéticas. Non se aplicarán as actividades ligadas á produción primaria de produtos enumerados no anexo I do tratado constitutivo da Comunidade Europea. Non se poderán conceder as axudas recollidas nestas bases ás empresas en crise, de acordo coa definición das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (DOC 244 do 1/10/2004).

e. Que teña o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nalgún dos concellos da provincia de Lugo.

f. E que cumpran, así mesmo, cos requisitos específicos establecidos nestas bases.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases os autónomos nas que concorran as circunstancias sinaladas no punto 2º do artigo 13 da Lei 38/2003 de xeral de subvencións:

a. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b. Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c. Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d. Estar incurso a persoa física, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de Incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e. Non acharse ao corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

f. Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

g. Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.

h. Encontrarse nalgún dos supostos que impiden a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberá facerse constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro/a de agrupación, así como o importe da subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponda á agrupación.

## Base 5. GASTOS SUBVENCIONABLES

Se considerarán subvencionables aqueles gastos, que realizados no exercicio 2009, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada,

coa consideración de ser fiscalmente deducibles, exceptuando as amortizacións do inmovilizado e os aprovisionamentos (considerados segundo o establecido na estrutura da conta de perdas e ganancias no REAL DECRETO 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade).

A efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non será necesario que o gasto fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación para que este teña a consideración de gasto efectivamente realizado.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso coa enaxenación ou o gravame do ben, será causa de reintegro nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións. As contías asignadas na convocatoria específica non será susceptible de incremento ou revisión e en ningún caso orixinará dereito ou constituirá precedente algún para futuras concesións.

Tendo en conta o artigo 31 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións en ningún caso serán gastos subvencionables os intereses debedores das contas bancarias; intereses, recargas e sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais. Os tributos serán gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención abónaos efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

#### Base 6. Contía das subvencións.

O INLUDES poderá subvencionar, dentro da súa dotación presupostaría, ata un 100% do gastos subvencionables aceptados definíndose a porcentaxe subvencionado en función da avaliación técnica que se realice en aplicación dos criterios que se definen na base 9 e cun máximo establecido de 3.000,00 euros por autónomo/a beneficiario/a.

Estes gastos poderán ser computados sempre que as facturas estean estendidas a nome do solicitante.

Non se computarán como gastos subvencionables aqueles no reflectidos na presente base nin aqueles que exclúa expresamente a Lei.

#### Base 7. Solicitudes

Presentarase unha solicitude dirixida ao Ilmo. Sr. Presidente do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social –INLUDES- e axustada aos modelos normalizados que figuran como anexos, e irán acompañadas dos documentos preceptivos e establecidos nas presentes bases. Os modelos de solicitude serán facilitados directamente polo INLUDES ademais de estar a disposición dos interesados na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo

[www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Se presentarán preferentemente no Rexistro Xeral do INLUDES (de luns a venres de 10:00 a 14:00) ou por

calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro e a Lei 4/99 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente do INLUDES, sendo publicada no Boletín Oficial da Provincia e medios de comunicación social. O prazo de presentación de solicitudes será dende o 15 de setembro de 2009 ata o 30 de setembro de 2009.

As solicitudes presentadas fóra de prazo, en ningún caso, serán admitidas para participar na convocatoria.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nas mesmas.

A concorrencia ó proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, da acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### Base 8. Documentación

As solicitudes deberán ir acompañadas, en orixinal ou copia compulsada, da seguinte documentación:

- Solicitude debidamente cumprimentada (modelo anexo II)
- DNI ou NIF da persoa solicitante
- Documentos acreditativos de alta na Seguridade Social do solicitante no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores Autónomos, réxime especial que corresponda o mutualidade do Colexio profesional
- Certificado actualizado de figurar de alta no Imposto de Actividades Económicas onde se indique todas as epígrafes do IAE no que figura de alta ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda
- Vida Laboral do autónomo e Vida Laboral do autónomo como empresa no caso de ter asalariados, actualizado a data da convocatoria.
- Certificado de Renda 2008.
- Declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas relativo ao exercicio fiscal 2008.
- Declaración xurada asinada polo solicitante onde se fagan constar as seguintes circunstancias e segundo o modelo establecido no anexo das presentes bases (modelo anexo III):
  - Que o solicitante reúne as condicións para poder ser beneficiario da subvención solicitada da cordo co establecido na convocatoria.
  - Que como autónomo teña a condición de PEME de acordo coa recomendación da Comisión das Comunidades Europeas de 6 de maio de 2003.

- Declaración doutras axudas para a mesma finalidade, concedidas ou solicitadas, así como da súa contía segundo modelo establecido nos anexos.

- Declaración expresa do solicitante de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, nin concorrer neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 29. 7º da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro., nin no regulamento que desenvolve a citada Lei.

- Declaración expresa do cadro de persoal da empresa (anexo III).

- Declaración xurada de (modelo anexo IV):

- encontraren ao día das súas obrigas tributarias estatais

- encontraren ao día das súas obrigas tributarias autonómicas

- non ter pendente ningunha débeda coa Seguridade Social

- non ter pendente ningunha débeda coa Excma. Deputación Provincial de Lugo

- non ter pendente ningunha débeda có INLUDES.

- non ter pendente de xustificación subvencións anteriores concedidas polo INLUDES.

- Memoria económica e técnica, conforme ao modelo establecido nos anexos destas bases, na que se fará constar unha descrición da actividade así como, unha estimación de gastos subvencionables da actividade para o exercicio 2009 (Anexo V)

- Documentación necesaria en orde a aplicación dos criterios de valoración, podendo o INLUDES requirir calquera documento que se considere necesario para a ampliación e/ou xustificación desta memoria. Cando proceda a acreditación da pertenza a colectivos en réxime de exclusión social, certificado acreditativo ou informe dalgunha das seguintes situacións (ver anexo I)

Base 9. Criterios de Avaliación. Clasificación de Expedientes

A avaliación das solicitudes se efectuará por unha Comisión de Valoración presidida polo Ilmo. Sr. Presidente do INLUDES, a Vicepresidenta 2ª e Delegada de Promoción Económica e Emprego, catro vogais e un Secretario. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos.

Así mesmo a Comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude.

Corresponde á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Como criterios obxectivables en orde á determinación da contía das subvencións rexerán por orde decendente de importancia e pola ponderación que se lles atribúa, sobre unha porcentaxe do 100%, os seguintes criterios:

CRITERIOS DE BAREMACIÓN DA SUBVENCIÓN	MÁXIMO	TOTAL DO GRUPO	MEDIA DO GRUPO	PONDERACION	PUNTUACION DO GRUPO
<b>1. Características do concello</b>					
1.1 Densidade de poboación do concello	5	10	5	3	15
1.2 Taxa de desemprego do concello	5				
<b>2. Rendemento actividade económica do solicitante</b>					
2.1 Baixo rendemento neto da actividade do ano 2008	5	5	5	10	50
<b>3. Creación / mantemento de emprego</b>					
3.1 Número de postos de traballo estables (traballadores e autónomo) no a data de convocatoria. Entenderase por traballo estable, no caso de asalariados, aqueles que figuren con contratos indefinidos.	5	5	5	4	20
<b>4. Polas características do empresario/traballadores</b>					
4.1. Menores de 30 anos o maiores de 45	5	10	5	3	15
4.2. Pertenza a colectivos en situación de desvantaxe social (anexo I)	5				
<b>Total</b>					<b>100</b>

A concesión de subvencións está limitada pola dotación económica da convocatoria, polo que unha vez esgotada a mesma procederáse á denegación.

A Comisión de Valoración poderá propoñer a Comisión Executiva do INLUDES o prorrateo do importe do crédito dispoñible para as axudas, entre todas ou parte das solicitudes que cumpran os criterios establecidos, tendo en conta o baremo, e no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas

Na proposta de concesión que formule a Comisión de Valoración figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde. Así mesmo indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible recollido nestas bases.

#### Base 10. Instrución do procedemento:

A instrución do procedemento e a súa posterior tramitación se realizará da acordo co estipulado na lexislación vixente, e nas bases de execución do orzamento do INLUDES para o exercicio 2009.

Recibida a solicitude, comprobarase que esta reúne os requisitos esixidos e se acompaña á mesma da documentación pertinente. De non ser o caso se requirirá ao solicitante para que no prazo improrrogable de 10 días hábiles subsane esta falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se terá por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/92 de RJAP e PAC, na redacción dada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro.

O órgano instrutor poderá decidir de oficio e por razóns de eficiencia na asignación de recursos a ampliación dos prazos recollidos nas presentes bases, salvo no sinalado no parágrafo anterior.

En interese da solicitude, poderá requirirse aos interesados para que aporten cantos datos e documentos sexan precisos para concluír o expediente administrativo á maior brevidade posible.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará unha resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual. Esta resolución definitiva se notificará aos interesados que foran propostos como beneficiarios na fase de instrución. Posteriormente os beneficiarios deberán aceptar ou rexeitar a resolución de concesión de axuda, así como as súas condicións, no prazo de 10 días hábiles dende a notificación da concesión, en caso contrario, entenderase aceptada tacitamente.

#### Base 11. Resolución:

As subvencións se outorgarán mediante resolución da Comisión Executiva do INLUDES a proposta da Vicepresidenta 2ª e Delegada de Promoción Económica e Emprego previa proposta da Comisión de Valoración, que será notificada aos interesados da acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. A práctica da notificación se realizará da acordo co regulado no artigo 59 da citada Lei.

O INLUDES publicará no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, orzamento aprobado e cantidade concedida. Consignaranse na publicación tanto as solicitudes estimadas como as desestimadas, establecéndose respecto as desestimadas as causas da súa exclusión e a puntuación obtida no suposto de que o motivo da denegación sexa a insuficiencia da dotación orzamentaria.

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e será recorrible da acordo co establecido na Lei 30/92 de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro, podendo interpoñerse contra a mesma recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdición en Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir do día en que remata o prazo de presentación de solicitudes e cunha data límite de 30 de decembro de 2009.

As alteracións das circunstancias e dos requisitos subxectivos e obxectivos, tidos en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención polo beneficiario de axudas e subvencións concedidas por calquera outra Administración ou Ente Público para o mesmo destino ou finalidade, así como a obtención de axudas ou outras atribucións patrimoniais gratuítas de entidades privadas ou particulares para o mesmo destino ou finalidade, ou a superación dos topes previstos pola normativa comunitaria poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Base 12. Xustificación e aboamento das subvencións:

Unha vez realizada a acción obxecto de subvención no prazo establecido, as beneficiarios destas axudas deberán xustificar o cumprimento da mesma. O incumprimento de prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa polo beneficiario. Deberá conter a seguinte documentación:

1. Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos debidamente asina da pola persoa responsable.

2. Unha memoria económica, xustificativa do custo da actividade subvencionada, que deberá conter polo menos:

- Unha relación clasificada dos gastos da actividade subvencionada, pola contía da subvención concedida, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, se indicarán as desviacións acaecidas.

- Os gastos, por contía igual á concedida, se acreditarán mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para a súa aceptación no ámbito tributario. Os xustificantes orixinais presentados se marcarán cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentados e si o importe do xustificante se imputará total ou parcialmente á subvención.

- Certificado ou declaración responsable de que o importe da subvención illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou privadas, nacionais ou internacionais non supera o custo total da actividade a desenvolver.

- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.

- Declaración responsable de que o importe da subvención se destinou ao actividade subvencionada e que os gastos presentados corresponden á realización do devandito proxecto ou actividade.

- Certificacións ou declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pende de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, Excma. Deputación Provincial de Lugo, INLUDES ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

3. Vida laboral actualizada a data da conta xustificativa do autónomo como persoa física, e da autónomo como empresarios (no caso de ter asalariados) onde se comprobe o mantemento de emprego tidos en conta para a baremación da subvención concedida.

4. Certificación bancaria da conta corrente do autónomo expedida pola persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se procederá, se corresponde, ao aboamento da correspondente subvención. O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo beneficiario.

#### Base 13. Prazo de xustificación

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación se realizará no prazo de tres meses a contar a partires da notificación da resolución da subvención concedida e, en calquera caso, antes do 15 de abril de 2010.

Transcorrido este prazo de xustificación sen que a mesma fose presentada ante a área de xestión competente, esta requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

#### Base 14. Reducións:

Recibida a conta xustificativa, a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución de concesión da subvención.

Cando exista diferenza entre o importe da subvención concedida e a relación clasificada dos gastos presentada na conta xustificativa, procederá a practicar a redución do importe da subvención ate o importe da relación clasificada dos gastos.

En ningún caso o importe da subvención illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade excederá do 100% do custo total da actividade executada segundo a memoria de actuación xustificativa presentada.

#### Base 15. Obrigas das persoas beneficiarias

Os beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases virán obrigadas a xustificar a aplicación dada aos fondos recibidos ante o INLUDES, tendo ademais as seguintes obrigas:

- Someterse ás actuacións de seguimento, control e avaliación que puidera efectuar a Deputación de Lugo e o INLUDES para garantir a correcta aplicación da subvención, mediante seus órganos de control económico financeiro ou a través da contratación dun servizo externo de auditoría.

- Permitir en calquera momento a inspección e control do destino da subvención e o cumprimento dos fins para os que foi concedida. Para este efecto o beneficiario poñerá a disposición dos devanditos órganos toda a documentación que lle requiran coa fin de realizar un correcto control e inspección sobre os gastos para os que se concede a achega económica

- Facilitar os datos necesarios para realizar a tarefa de seguimento durante a execución do proxecto.

- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas económicas para a mesma finalidade, procedentes doutras administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais así como calquera variación nas circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

- Xustificar axeitadamente a subvención na forma prevista nestas bases.

- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de cantas outras poidan ser esixibles legalmente.

- As que con carácter xeral esixa a convocatoria e as disposicións legais de subvencións (Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia).

#### Base 16. Incumprimentos e reintegros

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a existencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e en especial:

a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso e ocultando aquelas que o impedisen.

b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos na lexislación sobre subvencións e no regulado nas presentes bases.

d. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións e comprobación e control financeiro previstas na lexislación de subvencións así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando deles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou que se refiran ao modo en que se han de acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.

h. Nos demais supostos establecidos nas presentes bases e demais lexislación sobre subvencións.

#### Base 17. Plan Anual de Comprobación

Aos efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, o INLUDES poderá elaborar un plan anual de comprobación cuxo alcance será o 20% do total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes a comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria simple sen reposición dos elementos a realizar a través dun programa informático segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir da pechadura de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.

- O cumprimento do obxecto da subvención.

- Os datos económicos da conta xustificativa.

- Aqueles datos que pola súa natureza puideron repercutir sobre o proceso de concorrencia competitiva danando dereitos de terceiros.

Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e incorporados na relación clasificada presentada na conta xustificativa.

LUGO, 1 DE SETEMBRO DE 2009.- O ASESOR TÉCNICO, LUÍS RODRÍGUEZ EDROSA.- A VICEPRESIDENTA 2ª DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DELEGADA DO ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO, LARA MÉNDEZ LÓPEZ.

## ANEXOS

### ANEXO I

#### CONCEPTOS

#### DEFINICIÓN DE MICROEMPRESAS, PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS ADOPTADA POLA COMISIÓN EUROPEA

#### RECOMENDACIÓN DE 6 DE MAIO DE 2003 (2003/361/CE)

Se considerará empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, se considerarán empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de xeito regular.

1. A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PYME) está constituída polas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e que teñan un volume de negocios anual que non exceda de 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non exceda de 43 millóns de euros.

2. Na categoría de PYME, se define a unha pequena empresa como unha empresa que ocupa a menos de 50 persoas e que teña un volume de negocios anual ou un balance xeral anual de menos de 10 millóns de euros.

3. Na categoría de PYME, se define a unha microempresa como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e que teña un volume de negocios anual ou un balance xeral anual de menos de 2 millóns de euros.

O cómputo dos efectivos de persoal e os límites no caso de empresas asociadas ou vencelladas accionarialmente con terceiras, deberá efectuarse como dispón o artigo 6, puntos 2º e 3º do anexo da citada Recomendación.

#### COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE SOCIAL

- Mulleres, en particular as que teñan acreditadas pola administración a condición de vítimas da violencia de xénero.

- Empresarios/traballadores menores de 30 anos ou maiores de 45.

- Persoas con discapacidade, aquela que teña recoñecida pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Emigrantes españois retornados. Aqueles que cumpran coa condición de que non transcorren máis de dous anos entre a data de retorno e a data de alta no correspondente réxime da seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

- Poboación inmigrante, solicitantes de asilo e refuxiados, minorías étnicas cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

- Persoas pertencentes a familias vulnerables: Entendéndose como fogares monoparentales especialmente nos que a cabeza de familia é unha muller. Considerase responsable dunha familia monoparental e con cargas familiares aquela persoa solteira, viúva, separada ou divorciada que teña ao seu coidado fillos menores de 21 anos ou persoas maiores incapacitadas que non obteñan ingresos de ningunha natureza superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional vixente no momento da solicitude.

- Persoas que participen ou participasen en proxectos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

- Poboación exreclusa.

Número expediente

(a cubrir polo INLUDES)



SELO DE REXISTRO

PROGRAMA DE APOIO AOS AUTÓNOMOS DA PROVINCIA DE LUGO 2009

ANEXO II: SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE:

NOME		APELIDOS		NIF	
ENDEREZO				CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO MÓVIL	TELÉFONO FIJO		
FAX	CORREO ELECTRÓNICO @		ACTIVIDADE PRINCIPAL -		

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL		
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX		

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

EPÍGRAFE PRINCIPAL DO IAE -	CONCELLO DE ALTA NO IAE
RENDA NETA DO SOLICITANTE NO EXERCICIO 2008: , €	
NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO INDEFINIDOS, INCLÚIDO O AUTÓNOMO:	
NÚMERO DE TRABALLADORES INDEFINIDOS, INCLÚIDO O AUTÓNOMO MENORES DE 30 A O MAIORES DE 45 ANOS :	
NÚMERO DE TRABALLADORES INDEFINIDOS, INCLÚIDO O AUTÓNOMO: QUE PERTENZCAN A COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE DESVENTAXE SOCIAL (VER ANEXO I)	

SOLICITA A **SUBVENCIÓN DE APOIO AOS AUTÓNOMOS DA PROVINCIA DE LUGO 2009** e DECLARA QUE **TODOS OS DATOS QUE CONSTAN NESTA SOLICITUDE E NOS DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN SON CERTOS**

, a de de 2009

Asdo.:

(Nome e apelidos e sinatura)

### ANEXO III- DECLARACIÓN XURADA

Don/a \_\_\_\_\_ con NIF. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_ localidade e concello de \_\_\_\_\_ (Lugo),

**DECLARA QUE: (TACHAR O BORRAR AS CONDICIÓNIS QUE NON SE CUMPRAN)**

- a) Reunir as condicións para poder ser beneficiario da subvención solicitada da cordo co establecido na convocatoria.
- b) Ter a condición de PEME na categoría de \_\_\_\_\_ segundo o establecido na Recomendación da Comisión Europea de 6 de maio de 2003 sobre a definición de **microempresas, pequenas e medianas empresas**.
- c) Que: **(marcar unha opción)**
- non ten solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade
  - ten solicitado ou percibido axudas e/ou subvencións dos organismos que se mencionan a seguir:

CONVOCATORIA	ORGANISMO	DATA	SOLICITADA/ CONCEDIDA/PAGADA	IMPORTE

- d) Os provedores non están vencellados coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e non concorre neles ningunha das prohibicións recollidas na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, nin no artigo 68 do Real Decreto 887/2006 que desenvolve a citada Lei.
- e) Actualmente teño rexistrados na miña conta de cotización de autónomo como empresario \_\_\_\_\_ traballadores **indefinidos**, dos cales \_\_\_\_\_ son menores de 30 o maiores de 45 anos, ademais \_\_\_\_\_ encóntranse en situación de desvantaxe social (Anexo I).

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DO INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INLUDES)

**ANEXO IV- DECLARACIÓN XURADA**

Don/a \_\_\_\_\_ con NIF. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_ localidade e concello de \_\_\_\_\_ (Lugo),

**DECLARO QUE: (tachar o borrar as condicións que non se cumbran)**

- a) Actualmente, non teño pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- b) Actualmente, me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais coa Axencia Tributaria.
- c) Actualmente, non teño pendente ningunha débeda en período executivo coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Actualmente, non teño pendente ningunha débeda coa Excm. Deputación Provincial de Lugo
- e) Actualmente, non teño pendente ningunha débeda có INLUDES
- f) Que non teño pendente de xustificación subvencións anteriores concedidas polo Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social.

Para que conste, co fin de solicitar a subvención en concorrencia competitiva do Programa de Apoio aos Autónomos da Provincia de Lugo 2009 convocado polo Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social asino esta declaración.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009

Asdo.:

(Nome e apelidos e sinatura)

**ANEXO V: MEMORIA TÉCNICA E MEMORIA ECONÓMICA****MEMORIA TÉCNICA**

Don/a \_\_\_\_\_ con NIF. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_ localidade e concello de \_\_\_\_\_ (Lugo),

Desenvolve como autónomo actualmente a seguinte actividade profesional (descrición da actividade)

**MEMORIA ECONÓMICA**

A estimación de gastos subvencionables na miña actividade de como autónomo para o exercicio 2009 ascende a unha contía de \_\_\_\_\_, € (IVE non incluído) para a cal solicito unha subvención de ata o 100% desta estimación ao Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social ao abeiro do Programa de Apio aos Autónomos da Provincia de Lugo no exercicio 2009.

IMPORTE TOTAL DOS	BASE	TOTAL IVE	TOTAL
GASTOS SUBVENCIONABLES			

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (MARCAR CUN X A QUE CORRESPONDA):**

As solicitudes deberán ir acompañadas, **en orixinal ou copia compulsada**, da seguinte documentación:

- Solicitud, Anexo II
- DNI ou NIF da persoa solicitante
- Documento acreditativo de alta na Seguridade Social do solicitante no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores Autónomos, réxime especial que corresponda o mutualidade do colexio profesional
- Certificado actualizado de figurar de alta no Imposto de Actividades Económicas onde se indique todas as epígrafes do IAE no que figura de alta ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda
- Certificado da Renda 2008
- Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas relativo ao exercicio 2008.
- Informe de vida laboral do solicitante, así como, no caso de ter asalariados (vida laboral do autónomo como empresa) actualizado á data da convocatoria.
- Anexo III
- Anexo IV
- Anexo V
- Documentación necesaria en orde a aplicación dos criterios de valoración, podendo o INLUDES requirir calquera documento que se considere necesario para a ampliación e/ou xustificación desta memoria. Cando proceda certificado acreditativo ou informe dalgunha das seguintes situacións:
  - Certificado de discapacidade
  - Informe emitido por un servizo público, xustificativo da situación, no caso de ser vítima de violencia de xénero.
  - Documento acreditativo da situación de emigrante retornado ou inmigrante
  - Informe acreditativo de atoparse en situación de desvantaxe social no resto dos casos

## FUNDACION TIC LUGO

### Anuncio

FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) LUGO.

Por resolución desta Presidencia de 1 de setembro de 2009 convocouse concurso público de méritos para a cobertura temporal mediante contrato de interinidade dun posto de persoal docente vacante no cadro de persoal laboral fixo desta Fundación e que se relaciona no anexo.

O texto íntegro da Resolución xunto cos seus anexos atópanse inseridos no taboleiro de anuncios da sede da Fundación na rúa Frei Plácido Rei Lemos s/n de Lugo e na páxina web [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org)

O prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo será cinco días naturais a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes presentaranse no modelo oficial que se atopa ao dispor dos interesados na sede da Fundación.

Os sucesivos anuncios que deriven da presente convocatoria inseriranse exclusivamente no taboleiro de anuncios da Fundación.

Lugo, un de setembro de dous mil nove.- O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN, José Ramón Gómez Besteiro.

### ANEXO

<b>CODIGO PRAZA: EIS-DA-01-05</b> <b>Especialidade: Formación e Orientación Laboral</b>	
<b>Titulación requirida</b>	<b>Licenciado en:</b> Administración e Dirección de Empresas Ciencias Actuais e Financeiras Ciencias Políticas e da Administración Dereito Economía Psicología Sociología  <b>Enxeñeiro en:</b> Organización Industrial  <b>Diplomado en:</b> Ciencias Empresariais Relacións Laborais Traballo Social
<b>Requisitos específicos</b>	<i>Reunir os requisitos esixidos no artigo segundo e terceiro da <b>Orde do 30 de setembro de 1998</b> pola que se regulan as titulacións mínimas e as condicións que deben posuír os profesores para impartir formación profesional específica e a área de tecnoloxía da educación secundaria obrigatoria en centros privados e en determinados centros educativos de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 29 de outubro)</i>
<b>Xornada</b>	Tempo parcial ( media xornada )
<b>Convenio de aplicación</b>	VIII Convenio Colectivo Nacional de Centros de Ensinanza Privada de Réxime Xeral

## AYUNTAMIENTOS

### BARREIROS

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do establecido no artigos 135.4 e 96.2.b) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a seguinte adxudicación:

1. Entidade adxudicadora: Concello de Barreiros.

2. Obxecto do contrato: Execución das obras de "iluminación pública en Fixoucos, Ladrado, Morteiro, Val do Cainzo, Ibia (San Xusto) e Cabanas (Vilamartín Pequeno)".

3. Procedemento e forma de adxudicación: Negociado sen publicidade previa por razón da contía.

4. Tramitación: Urxente.

5. Orzamento base de licitación: 59.927,89 euros, IVE engadido.

6. Adxudicación:

- Provisional:

Acordo da Xunta de Goberno Local de 23/07/2009; adxudicatario: Ramón González Pérez (Otelec); importe da adxudicación: 59.927,89 (IVE incluído).

- Definitiva:

Resolución da Alcaldía de 01/09/2009; adxudicatario: Ramón González Pérez (Otelec); importe da adxudicación: 59.927,89 (IVE incluído).

Barreiros, 1 de setembro de 2009.- O ALCALDE, José Alfonso Fuente Parga.

R. 04871

—  
BECERREÁ

*Edicto*

Con data 28 de agosto de 2009, o Sr. Alcalde Presidente dictou Decreto resolvendo a modificación das bases sétima e oitava das aprobadas por Resolución de la Alcaldía de 29 de decembro de 2008 para a selección de persoal funcionario para cubrir en propiedade dúas prazas de auxiliar administrativo escala de Administración Xeral mediante oposición libre, publicada no BOP de Lugo de data 13 de xaneiro de 2009 número 009, que quedarán redactadas como segue:

#### SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Quince días antes como mínimo do comezo do primeiro exercicio, anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, o día, hora e lugar en que terá lugar. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e máximo de corenta días hábiles.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os exercicios escritos poderán ser lidos públicamente, se así o acordase o Tribunal, podendo este dialogar co/a aspirante coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto.

Para establecer a orden a que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan actuar conxuntamente, se estará ó sorteo que se realice pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ó abeiro do artigo 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre.

A oposición constará de catro exercicios e serán os seguintes:

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación a un cuestionario tipo test de preguntas con respostas alternativas, sendo unha delas a correcta, relacionado co temario do programa unido ás presentes bases, durante o período máximo de noventa minutos. As preguntas en branco non se contabilizan.

**SEGUNDO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en respostar por escrito, nun período máximo de dúas horas, a un tema extraído a chou entre os que figuran no programa de materias anexo á convocatoria.

O Tribunal poderá optar pola a lectura pública do exercicio e, neste caso, o tribunal poderá dialogar cos aspirantes co fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido dos temas expostos, así como pedir calquera outra explicación complementaria.

**TERCEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de

Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de media hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Quedarán exentos da realización deste terceiro exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do curso celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño. Neste suposto o día de realización das probas selectivas, deberán aportar ao tribunal o certificado acreditativo de tal extremo.

**CUARTO EXERCICIO:** De carácter obligatorio e eliminatorio.

Realización dunha proba de carácter práctico mediante ordenador, no que se evaluarán os coñecementos no manexo de ferramentas informáticas (procesador de textos, folla de cálculo, correo electrónico, Internet...) así como a rapidez, corrección e presentación de textos e do propio exercicio no seu conxunto. Este exercicio realizarase no tempo e forma que determine o Tribunal ó comezo do mesmo.

A calificación dos exercicios será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

Contra esta resolución de modificación de bases de selección poderanse interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Si transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recuso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recuso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Becerreá, a 28 de agosto de 2009.- O Alcalde, lexible.

### *Edicto*

Con data 28 de agosto de 2009, o Sr. Alcalde Presidente dictou Decreto resolvendo a modificación das bases sétima e oitava das aprobadas por Resolución da Alcaldía de 9 de decembro de 2008 da selección de persoal laboral fixo para a cobertura de dous postos de traballo de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Becerreá, mediante oposición libre, publicada no BOP de Lugo de data 31 de decembro de 2008 número 300, que quedarán redactadas como segue:

#### **SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.**

Quince días antes como mínimo do comezo do primeiro exercicio, anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, o día, hora e lugar en que terá lugar. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e máximo de corenta días hábiles.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo Tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo Tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os exercicios escritos poderán ser lidos públicamente, se así o acordase o Tribunal, podendo este dialogar co/a aspirante coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto.

Para establecer a orden a que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan actuar conxuntamente, se estará ó sorteo que se realice pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ó abeiro do artigo 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.**

O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre.

A oposición constará de tres exercicios e serán os seguintes:

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación a un cuestionario tipo test de preguntas con respostas alternativas, sendo unha delas a correcta, relacionado co programa unido ás presentes bases, durante o período máximo de noventa minutos. As preguntas en branco non se contabilizan.

**SEGUNDO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de media hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Quedarán exentos da realización deste terceiro exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do curso Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño. Neste suposto o día de realización das probas selectivas, deberán aportar ao Tribunal o certificado acreditativo de tal extremo.

**TERCEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Analizar e resolver por escrito un suposto práctico relacionado co contido das tarefas do posto de traballo. Este exercicio realizarase no tempo e forma que determine o Tribunal ó comezo do mesmo.

O Tribunal poderá optar pola a lectura pública do exercicio e, neste caso, o Tribunal poderá dialogar cos aspirantes co fin de determinar os seus coñecementos sobre a materia, así como pedir calquera outra explicación complementaria.

A calificación dos exercicios será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

Contra esta resolución de modificación de bases de selección poderanse interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Si transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpos-

tos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Becerreá, a 28 de agosto de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 04811

—  
*Edicto*

Con data 28 de agosto de 2009, o Sr. Alcalde Presidente dictou Decreto resolvendo a modificación das bases sétima e oitava das aprobadas por Resolución de la Alcaldía de 20 de novembro de 2008 da selección de persoal laboral fixo para a cobertura do posto de traballo de Director/a do Centro de Servizos Sociais de Becerreá mediante oposición libre, publicada no BOP de Lugo de data 02 de decembro de 2008 número 278, coa modificación publicada no BOP de Lugo de data 10 de febreiro de 2009 que quedarán redactadas como segue:

#### SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

Quince días antes como mínimo do comezo do primeiro exercicio, anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, o día, hora e lugar en que terá lugar. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e máximo de corenta días hábiles.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo Tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo Tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os exercicios escritos poderán ser lidos públicamente, se así o acordase o Tribunal, podendo este dialogar co/a aspirante coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto.

Para establecer a orden a que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan actuar conxuntamente, se estará ó sorteo que se realice pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ó abeiro do artigo 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

## OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre.

A oposición constará de catro exercicios e serán os seguintes:

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación a un cuestionario tipo test de preguntas con respostas alternativas, sendo unha delas a correcta, relacionado coa parte xeral do programa unido ás presentes bases, durante o período máximo de noventa minutos. As preguntas en branco non se contabilizan.

**SEGUNDO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en responder por escrito, nun período máximo de tres horas, a dous temas extraídos a chou entre os que figuran na parte especial programa anexo á convocatoria.

O Tribunal poderá optar pola a lectura pública do exercicio e, neste caso, o Tribunal poderá dialogar cos aspirantes co fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido dos temas expostos, así como pedir calquera outra explicación complementaria.

**TERCEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de media hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Quedarán exentos da realización deste terceiro exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do curso Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño. Neste suposto o día de realización das probas selectivas, deberán aportar ao Tribunal o certificado acreditativo de tal extremo.

**CUARTO EXERCICIO:** De carácter obligatorio e eliminatorio.

Analizar e resolver un suposto relacionado co contido das tarefas do posto de traballo. Este exercicio realizarase no tempo e forma que determine o Tribunal ó comenzo do mesmo.

A calificación dos exercicios será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

Contra esta resolución de modificación de bases de selección poderanse interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Si transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Becerreá, a 28 de agosto de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 04812

### *Edicto*

Con data 24 de xullo de 2009, o Sr. Alcalde Presidente dictou Decreto resolvendo a modificación das bases sétima e oitava das aprobadas por Resolución da Alcaldía de 29 de outubro de 2008 da selección de persoal laboral fixo para a cobertura do posto de traballo de traballador/a social do Concello de Becerreá, mediante oposición libre, publicada no BOP de Lugo de data 12 de novembro de 2008 número 261, que quedarán redactadas como segue:

#### SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

Quince días antes como mínimo do comezo do primeiro exercicio, anunciarase no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, o día, hora e lugar en que terá lugar. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e máximo de corenta días hábiles.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo Tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da

oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo Tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os exercicios escritos poderán ser lidos públicamente, se así o acordase o Tribunal, podendo este dialogar co/a aspirante coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto.

Para establecer a orden a que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan actuar conxuntamente, se estará ó sorteo que se realice pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ó abeiro do artigo 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de Administración da Comunidad Autónoma de Galicia.

#### OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección dos aspirantes será de oposición libre.

A oposición constará de catro exercicios e serán os seguintes:

**PRIMEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na contestación a un cuestionario de 100 preguntas con respostas alternativas, sendo unha delas a correcta, relacionado coa parte xeral do programa unido ás presentes bases, durante o período máximo de noventa minutos. As preguntas en branco non se contabilizan.

**SEGUNDO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en respostar por escrito, nun período máximo de tres horas, a dous temas extraídos a chou entre os que figuran na parte especial programa anexo á convocatoria.

O Tribunal poderá optar pola a lectura pública do exercicio e, neste caso, o Tribunal poderá dialogar cos aspirantes co fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido dos temas expostos, así como pedir calquera outra explicación complementaria.

**TERCEIRO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de media hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

Quedarán exentos da realización deste terceiro exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do curso Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño. Neste suposto o día de realización das probas selectivas, deberán aportar ao Tribunal o certificado acreditativo de tal extremo.

**CUARTO EXERCICIO:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Analizar e resolver un suposto relacionado co contido das tarefas do posto de traballo. Este exercicio realízase no tempo e forma que determine o Tribunal ó comezo do mesmo.

Tódolos exercicios se calificarán ata un máximo de dez puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos en cada un deles. A calificación dos exercicios será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

**ASIMISMO ACORDA ABRIR,** como consecuencia desta modificación, un prazo extraordinario de presentación de solicitudes de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación desta corrección no Boletín Oficial do Estado. En todo caso os candidatos deberán posuír os requisitos para participar no proceso na data límite do 13 de xullo día de finalización do prazo de solicitudes aberto coa convocatoria publicada no BOE número 151 de 23 de xuño.

Contra esta resolución de modificación de bases de selección poderanse interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Si transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro e na Lei 29/98 de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Becerreá, a 27 de agosto de 2009.- O Alcalde, illexible.

## BEGONTE

### Anuncio

Habéndose elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar e da ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo Servizo de Axuda no Fogar, en cumprimento do disposto na normativa vixente faise público o texto íntegro dos mesmos.

Begonte, a 27 de agosto de 2009.

Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Begonte.

Exposición de motivos.

A Lei 39/2008 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, introduce cambios que inciden directamente en aspectos importantes da prestación do servizo de axuda no fogar e polo que é necesaria a adaptación deste a fin de cubrir as expectativas contempladas na citada Lei.

En consecuencia, no exercicio da postestade regulamentaria recoñecida ós Concellos no art. 41 da Lei 7/85 de 2 de abril, dispónse.

Artigo 1º.- Obxecto.

O obxecto do presente regulamento e a adaptación do servizo municipal de axuda no fogar de acordo co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e a orde de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o Decreto 143/2007 do 12 de xullo polo que se regula o réxime autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, a Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas Dependentes, o Real Decreto 727/2007 do 8 de Xuño sobre criterios para determinar a intensidade de protección, servizos e contía das prestacións e o establecido na Orde do 17 de decembro do 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do PIA, das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- Obxectivo.

1. O servizo de axuda no fogar ten a consideración de prestación básica de servizos sociais comunitarios inserta no sistema integrado de servizos sociais, con planificación, coordinación e control público, que a través de persoal cualificado e supervisado presta un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal o nos casos de destruturação familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retrasando a súa posible institucionalización.

2. O servizo de axuda no fogar poderá incluír intervencións de carácter persoal, doméstico, socio-educati-

vo e preventivo, conforme a valoración técnica realizada polos servizos sociais de atención primaria.

Artigo 3º.- Destinatarios.

O servizo de axuda no fogar está dirixido a toda a poboación do Concello de Begonte e con carácter prioritario a:

Persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, Lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia, según o grao e nivel.

Persoas que, accedendo o servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia, se atopen nos seguintes supostos:

- Persoas con déficits de autonomía e persoas con discapacidade que precisen axuda para a realización das actividades básicas da vida diaria, que vivan soas, ou aínda que vivindo con familiares non podan ser atendidos por estes por algunha causa debidamente xustificada.

- Unidades familiares que presenten un risco de exclusión social.

- Unidades familiares ou suxeitos que temporalmente se atopen nunha situación de incapacidade para a realización de actividades da vida diaria.

Artigo 4º.- Atencións que se prestan.

As atencións terán un carácter complementario e non substitutorio das capacidades do usuario e doutras persoas do seu contorno inmediato de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Poderán prestarse os seguintes tipos de atencións:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.

- Apoio para o aseo persoal, así como para vestirse.

- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

- Supervisión e control da administración de medicamentos prescritos polos facultativos.

- Apoios para cambios posturais e mobilizacións.

- Apoio para cabio de pañal e aseo.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamentos fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos, e outros produtos de uso común.

- Preparación de alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

e) Atencións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de teleasistencia.
- Adaptacións funcionais no fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fixioterapia.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais en se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- Ser tratadas con respecto e dignidade.
- A recibiren unha atención adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- Ó tramento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.
- A recibiren información sobre as modificacións sobrevidas durante a prestación do servizo.
- A presentaren queixas e suxestións ó persoal coordinador do servizo sobre o desenvolvemento da súa prestación.

Artigo 6º.- Deberes das persoas usuarias.

Ademais dos deberes que se contemplan no art. 7 da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

- Facilita-la execución das tarefas ó persoal a cargo e poñer á súa disposición os medios materiais necesarios.

- Colaborar en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

- Respecta-la dignidade personal e profesional das persoas que presten o servizo, así como os límites das súas obrigas laborais.

- Informar dos cambios das circunstancias persoais, familiares e económicas que poidesen dar lugar a modificación, suspensión ou extinción do servizo.

- Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

- A comunicar con 10 días de antelación a ausencia do domicilio que poidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 7º.- Protocolo de tramitación da prestación.

O servizo de axuda no fogar está integrado nos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal do Concello de Begonte e será coordinado polo traballador/a social do equipo de servizos sociais.

No acceso directo ó servizo para persoas usuarias con dependencia valorada a resolución relativa ó PIA terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ó servizo.

No acceso en libre concorrencia o procedemento iniciárase a instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común e co baremo contemplado no anexo I.

A solicitude para acceder ó servizo tramitárase no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Begonte, donde serán valoradas por parte do traballador/a social, coa correspondente visita domiciliar e que determinará mediante informe social preceptivo e vinculante a idoneidade e a intensidade do servizo.

Ó expediente incorporárase a documentación identificativa, a relativa a xustificación da capacidade económica persoal dos usuarios e a relativa ó estado de saúde dos beneficiarios.

O órgano competente para dicta-la resolución será o/ alcalde/sa, podendo delegar esta competencia de conformidade co artigo 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

En circunstancias de urxencia, debidamente acreditadas, mediante resolución da alcaldía iniciárase de oficio a prestación do servizo, a proposta do traballador Social de atención primaria, coa correspondente instrución do expediente correspondente.

Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, o/a traballador/a social de servizos sociais comunitarios elaborará un proxecto de intervención segundo o anexo II así como o acordo do servizo co

usuario segundo modelo anexo III da Orde do 22 de xaneiro do 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

A traballador/a social elaborará un plan de traballo dirixido á auxiliar de axuda no fogar, no que se concretarán os obxectivos, as tarefas a realizar, horarios e intensidade do servizo así como os profesionais que interveñen.

Entregarase a cada usuario copia do presente regulamento.

#### Artigo 8º.- Seguimento.

O traballador/a social de servizos sociais comunitarios garantizará, mediante a coordinación coas auxiliares así como visitas domiciliarias, a supervisión do servizo, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e como mínimo cunha periodicidade de tres meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual.

Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e acordo do servizo.

#### Artigo 9º.- Modalidades de acceso.

O acceso ó servizo producirase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:

1.- Acceso directo a persoas dependentes. O acceso ó servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2.- Acceso a persoas non dependentes. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, previa prescrición técnica favorable dos Servizo Sociais Comunitarios, empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social a calidade de vida segundo se recolle neste regulamento.

3.- De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socio-educativos.

Artigo 10º.- Causas de extinción e modificación do servizo.

1.- Renuncia da persoa usuaria.

2.- Cambio do PIA ou do proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co SAF.

3.- Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.

4.- Falecemento da persoa usuaria.

5.- Incumprimento dos deberes e obrigas establecidas no presente regulamento.

6.- A falta do pagamento do servizo durante dous meses consecutivos.

7.- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

8.- Superación dos tres meses da suspensión temporal.

9.- Baixa no padrón municipal de habitantes.

Artigo 11º.- Causas da suspensión temporal do servizo.

1.- Estancia temporal no domicilio de familiares ou achegados ou ausencia temporal do domicilio por un máximo de tres meses, acreditando as causas que motivan dita ausencia.

2.- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema da autonomía e atención a dependencia, suposto no que se estará ó disposto na normativa reguladora.

Será necesario o informe previo xustificativo do coordinador do servizo.

#### Artigo 12º.- Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico da Traballadora Social.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais os fins de semana e festivos.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo traballador social de servizos sociais comunitarios.

#### Artigo 13º.- Profesionais que interveñen e funcións.

A) Traballador/a Social de Servizos Sociais Comunitarios, ó que corresponde a función de:

– Programación e organización xeral do Servizo.

– Xestións para a financiación.

- Recepción da demanda e valoración das necesidades de acordo co baremo establecido.
- Realización das visitas domiciliarias necesarias tanto para a valoración como para o seguimento.
- Elaboración de informes sociais e propostas.
- Diseño do proxecto individualizado de intervención e acordo do servizo co usuario.
- Elaboración do plan de traballo asignado á auxiliar.
- Seguimento e supervisión do proxecto de intervención de forma trimestral.
- Coordinación co resto dos profesionais intervintes, tanto da entidade local como de entidades externas.

B) O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de "atención sociosanitaria" ou equivalente, regulado por Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de "atención sociosanitaria a persoas no domicilio" ou equivalente, regulado no Real Decreto 1.379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de "servizos socioculturais e a comunidade".

Funcións:

- Asistencias, de atención persoal e doméstica.
- Educativas sobre habilidades sociais básicas.
- Favorece-la participación do usuario e non substituí naquelas funcións que poida desenvolver por si mesmo.
- Acompañamento médico e realización de xestións.
- De colaboración e coordinación co resto dos profesionais intervintes.

C) Educador/a familiar:

- Atencións de carácter educativo de cara a adquisición e recuperación de habilidades.

D) Voluntariado:

Compañía e acompañamento en actividades de lecer.

- Calquer outra acordada no proxecto de intervención e que non sexa susceptible de responsabilidade por parte doutro profesional.

Artigo 14º.- Soporte documental.

O desenvolvemento da prestación deste servizo acarrea a instrumentalización do seguinte soporte documental:

- Impreso-Instancia de solicitude.
- Baremo para determina-la asignación do servizo en libre concorrencia.

- Informe médico.
- Informe social.
- Impreso de domiciliación bancaria.
- Proxecto de Intervención.
- Contrato entre usuario e Concello sobre tarefas a realizar.
- Impreso-Instancia de baixa voluntaria.
- Plan de traballo para auxiliar de axuda no fogar.

Artigo 15º.- Documentación a aportar por parte do usuario.

- Fotocopia do D.N.I.
- Tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Informe médico segundo o modelo que se facilita nas dependencias de servizos sociais.

- Xustificante da capacidade económica dos usuarios: declaración da renda ou certificado de imputacións, justificantes de pensións, prestacións ou rendas de traballo, alugueres, certificados de rendementos de capital mobiliario, recibos catastrais ...

- Contrato de aluger de vivenda.
- Calquer outro documento que se considere necesario para a tramitación da solicitude.

A administración local poderá dispoñer que se efectuen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos interesados.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas

persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: O perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. A Entidade Local titular deste servizo establecerá os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

Artigo 17º.- Participación dos usuarios no financiamento do servizo.

A participación no financiamento do servizo ás persoas usuarias e de acordo co establecido no artigo 18 da Orde reguladora do SAF para a Comunidade

Autónoma de Galicia, establécese unha única escala tanto para os usuarios de acceso directo a través do SAAD como para os de libre concurrencia.

Excepcionalmente en casos de destrutturación familiar e risco de exclusión social, de acordo coa valoración e proposta da traballador/a social mediante resolución motivada do órgano competente, poderase acordar a redución ou exención de pago.

Esta táboa de copagamento aplicarase a tódolos servizos complementarios do servizo de axuda no fogar, enténdase fisioterapia, podoloxía, xantar na casa, etc., no caso de non estar suxeitos a convenio específico.

#### TÁBOA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR PARA O 2009:

INGRESOS IPREM	DENDE	ATA	COPAGO
Entre o 100% e o 150%	527,24	790,86	10%
Entre o 100% e o 200%	790,87	1.054,48	15%
Entre o 200% e o 300%	1.054,49	1.572,72	20%
Entre o 300% e o 350%	1.572,73	1.854,34	30%
Entre o 350 e 400%	1.845,35	2.108,96	40%
Entre o 400% e o 500%	2.108,97	2.636,2	60%
Máis do 500%	2.636,21		65%

Esta táboa será revisada anualmente coa actualización do IPREM.

#### Disposición final.

1.- O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicada na forma legal establecida, entrará en vigor conforme o previsto no art. 70.2 e concordantes, da Lei 7/85.

2.- Queda derogada a ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, publicada no B.O.P o 9 de setembro do 1998 e as posteriores modificacións.

R. 04800

#### Edicto

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número OITO de 2009 (2º de competencia do pleno) dentro do vixente presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2009, cuxo importe ascende á cantidade de vintedous mil trece con oitenta e seis euros (22.013,86 euros), segundo o preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos, do referido presuposto queda da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal	1.114.808,48	euros
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos	956.971,11	“
Cap. 3.- Intereses	15.000,00	“
Cap. 4.- Transferencias correntes	62.900,60	“

Cap. 6.- Inversións reais	1.265.412,06	“
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00	“
Cap. 8.- Variación de activos financeiros	0,00	“
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros	25.924,20	“
SUMA TOTAL	3.441.016,45	“

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, a 1 de setembro de 2009.- O ALCALDE, ilexible.

R. 04839

## MONFORTE DE LEMOS

### *Edicto*

Neste Concello atópase en trámite expediente promovido por S.A.T. LIXEIRO para a obtención de licenza de AMPLIACIÓN DE ESTABLO PARA VACÚN DE LEITE na parroquia da Parte, lugar de Probeiros deste municipio.

En cumprimento do disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por prazo de VINTE DÍAS, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, respectivamente, ó obxecto de que poida examinarse, na Secretaría do Concello, en horas de oficina, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións u observacións que se estimen oportunas.

Monforte de Lemos, a 24 de Agosto de 2009.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 04840

## MONTERROSO

### *Información pública*

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local en sesión de 25/08/09 prestou aprobación o padrón da taxa polo servizo de rede de sumidoiro e o padrón do servizo de mantemento instalacións do abastecemento de auga nas parroquias correspondente ao ano 2009. O citado acordo ten a natureza de acto administrativo definitivo, en contra o mesmo poderán interperse os seguintes recursos.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó da publicación desta información pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Órgano ante o que se recorre: Xunta de Goberno Local do Concello de Monterroso.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán

interperse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A publicación destes edictos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación de liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos, ó abeiro de canto se establece polo artigo 124.3 da Lei Xeral Tributaria.

### *Anuncio de cobranza*

De conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en periodo voluntario ata o 15/11/2009.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, coa advertencia de que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarase os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Monterroso, 26 de agosto de 2009.- O Alcalde-Presidente, Antonio E. Gato Soengas.

R. 04815

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de fecha 25 de agosto de 2009, se aprobó la adjudicación provisional del contrato de suministro de luminarias con equipo electrónico lo que se publica a los efectos del artículo 135.3 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público:

1. Entidad adjudicadora.

a) Organismo: Ayuntamiento de Palas de Rei.

b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.

c) Dirección de internet del perfil de contratante: [www.palasderei.org](http://www.palasderei.org)

2. Objeto del contrato.

a) Tipo: Contrato de suministros.

b) Descripción: Contrato de suministro consistente en luminarias con equipo electrónico.

3. Tramitación y procedimiento.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedimiento: Negociado sin publicidad.

4. Presupuesto base de licitación. Importe neto 38.793,11 euros. IVA 16%. Importe total 45.000,00 euros.

5. Adjudicación.

a) Fecha: 25 de agosto de 2009.

b) Contratista: Luis Castro Casal.

c) Importe o canon de adjudicación. Importe neto 38.793,11 euros. IVA 6.206,89 euros. Importe total 45.000,00 euros.

En Palas de Rei, a 25 de agosto de 2009.- El Alcalde, Fernando A. Pensado Barbeira.

R. 04836

PARADELA

*Anuncio*

Solicitando desta Alcaldía D. TERNIMAX S.C., licenza municipal para "proxecto constructivo de ampliación de nave de destete de terneros, estercolero y almacén", situada en finca "As Canteiras"-Acebedo-Castro de Rei (Paradela), cumprindo o disposto no art. 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP e no DOG, co fin de que poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Paradela, 31 de agosto de 2009.- O Alcalde, JOSE M. MATO DIAZ.

R. 04851

A PONTENOVA

*Anuncio*

Solicitada a licenza de ampliación de explotación gandeira, na parcela nº 250 do polígono 1, no lugar de Santo Estevo, sometida a avaliación de incidencia ambiental, por don Manuel Iglesias Iravedra, en representación de Ganadería Díaz, SC, neste Concello estase a tramitar o oportuno expediente. Cumprindo co disposto polo aptdo. 3º, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese á información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia- poda examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola

actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

A Pontenova, 27 de agosto de 2009.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 04837

QUIROGA

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á Xunta de Goberno Local a aprobación do padrón de auga correspondente o cuarto bimestre do exercicio de 2009, de conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 38/2003 Xeral Tributaria e o artigo 23 e seguintes do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo e a ordenanza reguladora de abastecemento de auga do Concello de Quiroga.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes ACORDA:

1). Prestarlle aprobación ó padrón de auga correspondente o cuarto bimestre do exercicio de 2009.

2). Que se expoña ó público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante á inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme o establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3). Que se poña ó cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recaudación executiva co conseguinte recargo de apremio e demais custos derivados da execución forzosa.

Quiroga, 31 de agosto de 2009.- O Concelleiro Delegado, José Angel Rodríguez Raposo.

R. 04847

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á Xunta de Goberno Local a aprobación do padrón de lixo-ecotaxa correspondente o cuarto bimestre do exercicio de 2009, de conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 38/2003 Xeral Tributaria e o artigo 23 e seguintes do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo e a ordenanza reguladora de recollida de lixo-ecotaxa do Concello de Quiroga.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes ACORDA:

1). Prestarlle aprobación ó padrón de lixo-ecotaxa correspondente o cuarto bimestre do exercicio de 2009.

2). Que se expoña ó público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e

mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme o establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3). Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recaudación executiva co conseguinte recargo de apremio e demais custos derivados da execución forzosa.

Quiroga, 31 de agosto de 2009.- O Concelleiro Delegado, José Angel Rodríguez Raposo.

R. 04848

### RÁBADE

#### Edicto

Padrón tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo do 4º bimestre do exercicio 2009.

Por Decreto da Alcaldía de data 1 de setembro de 2009, aprobouse o padrón tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo, correspondente ao cuarto bimestre do exercizo 2009, cuxo importe total ascende a cantidade de 35.497,37 euros (trinta e cinco mil catrocentas noventa e sete con trinta e sete) euros, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 ó 30 de setembro de 2009.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, a 1 de setembro de 2009.- O ALCALDE, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 04846

### Anuncio

Aprobadas as bases para a selección dun/dunha empregado/a para a impartición de clases de alfabetización de adultos, no contexto da programación de actividades da unidade de prevención de drogodependencias dos Concellos de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei, por Resolución de Alcaldía de data 3 de setembro de 2009, convocase a todas aquelas persoas interesadas en participar a que presenten instancia no Rexistro de entrada do Concello no prazo de cinco (5) días naturais a contar dende o día seguinte ao de publicación deste anuncio. As bases de selección estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello.

Rábade, a 3 de setembro de 2009.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 04867

### RIOTORTO

#### Anuncio

No BOP nº 180 de data 07 de agosto publicouse a exposición pública da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Debido a un erro na mencionada publicación, transcríbese a continuación dita corrección:

No primeiro parágrafo donde dice "o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/08" debe dicir "o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/09"

Engadimos o anexo IV que non foi publicado e que é o seguinte:

#### ANEXO IV

#### SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Nome:

Apelidos:

D.N.I.

Estado civil:

Domicilio:

Teléfono:

Data de nacemento:

SOLICITA a valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme a normativa municipal de aplicación deste servizo.

Riotorto, a ... de ... 2009.

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO).

Riotorto, 03 de setembro de 2009.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

### Anuncio

No BOP nº 180 de data 07 de agosto publicouse a exposición pública da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Debido a un erro na mencionada publicación, transcríbese a continuación dita corrección:

No primeiro paragrafo donde dice “o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/08” debe dicir “o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 05/06/09”

Riotorto, 03 de setembro de 2009.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 04866

—  
SARRIA

*Anuncio*

Publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 161, do 15 de xullo de 2009, a resolución pola que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos no procedemento selectivo convocado para a provisión, en quenda libre, de tres prazas de axudante de matarife do cadro de persoal laboral para o Concello de Sarria e rematado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional e non presentándose reclamacións.

Conforme o disposto nas bases da convocatoria e en virtude do artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resólvese:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que se detalla a continuación:

**ADMITIDOS:**

APELIDOS E NOME	D.N.I.
DÍAZ GARCÍA, FRANCISCO	34.262.105 V
LÓPEZ DÍAZ, FERNANDO	34.252.074 Z
LÓPEZ GONZÁLEZ, ANTONIO	76.618.415 X
LÓPEZ SÁNCHEZ, FERNANDO	34.250.754 M
RODRÍGUEZ PARDO, VICTOR MANUEL	76.623.863 F

**EXCLUÍDOS:**

APELIDOS E NOME	D.N.I.
ANDRÉS GARCÍA, JESÚS	34.988.195 C

(presentación fora de prazo)

Segundo.- Publicar a lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición nominal dos membros do Tribunal.

Terceiro.- Nomear o Tribunal cualificador para a selección do persoal, e que estará constituído polos membros que se relacionan a continuación:

**PRESIDENTE:**

Titular: Dona Aránzazu Sastre Carracedo.

Suplente: Don José Antonio Carro Asorey.

**SECRETARIO:**

Titular: Don Emilio Casal Fernández.

Suplente: Don Rodrigo Arias Iglesias.

**VOGAL 1º.**

Titular: Don Antonio López Sánchez.

Suplente: Don José Ángel Díaz Quintana.

**VOGAL 2º**

Titular: Don Miguél Ángel Fernández López.

Suplente: Don Pedro García García.

**VOGAL 3º.**

Titular: Don José Manuel López Préstamo.

Suplente: Dona Constanza Mora Bonjera.

Cuarto.- Convocar ó Tribunal para o vindeiro día 21 de setembro de 2009 ás 10:00 horas na Casa do Concello, para proceder a valoración dos méritos dos candidatos admitidos as probas selectivas. A lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no taboleiro de edictos da Casa do Concello, antes da realización do primeiro exercicio.

Quinto.- Os sucesivos anuncios para a celebración das restantes probas, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e tamén polo órgano de selección onde se celebre a proba anterior, cunha antelación mínima de quince días antes do comezo do exercicio. Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Sexto.- Durante o prazo de dez días hábiles, contados dende a publicación deste edicto no B.O.P. os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal e estes absterse nos termos e circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sétimo.- Dar traslado da presente resolución o tablón de anuncios municipal, ca indicación que contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte o da notificación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa, ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, con carácter previo, contra a presente Resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acto, sin perxuízo de que se poida interpoñer calquer outro recurso ou reclamación que estimen convincente o seu dereito.

Sarria, 02 de setembro de 2009.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 04850

—  
O SAVIÑO

**ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA  
ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL 2009**

Aprobado definitivamente o orzamento xeral do Concello para o 2009, ao no presentarse reclamacións no período de exposición pública, e comprensivo aquel do orzamento xeral deste Concello, bases de execución, persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumen do mesmo por capítulos:

## ESTADO DE GASTOS

## A) GASTOS POR OPERACIÓN CORRENTES.

CAPÍTULO I: Gastos de persoal: 685.413,72.

CAPÍTULO II: Gastos en bens correntes e servizos: 895.527,63.

CAPÍTULO III: Gastos financeiros: 24.913,69.

CAPÍTULO IV: Transferencias correntes: 76.453,24.

## B) GASTOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL.

CAPÍTULO VI: Inversións reais: 361.269,75.

CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros: 87.209,76.

TOTAL: 2.130.787,79.

## ESTADO DE INGRESOS

## A) INGRESOS POR OPERACIÓN CORRENTES.

CAPÍTULO I: Impostos directos: 584.625,15.

CAPÍTULO III: Taxas e outros ingresos: 224.929,09.

CAPÍTULO IV: Transferencias correntes: 989.317,53.

CAPÍTULO V: Ingresos patrimoniais: 7.587,83.

## B) INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL.

CAPÍTULO VI. Alleamento de inversións reais: 40.000.

CAPÍTULO VII: Transferencias de capital: 406.421,95.

TOTAL: 2.252.881,55.

## CADRO DE PERSOAL

## A) FUNCIONARIOS DE CARRERA.

## FUNCIONARIOS HABILITACION ESTATAL.

PUESTO	SUBGRUPO	NIVEL
Secretario-interventor (1)	A1	26
FUNCIONARIOS		
ADMINISTRACIÓN GENERAL		
Auxiliar administrativo (1)	C2	16
Auxiliar administrativo (1)	C2	16
Administrativo – Tesorería (1)	C1	16

## FUNCIONARIOS

## ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

Oficial servicios especiales (1) C2 16

Oficial encargado de obras (1) C2 16

## B) PERSONAL LABORAL.

· Bibliotecaria - 1 puesto - Laboral Fijo - Grado Medio.

· Trabajadora Social - 1 puesto - Subvención - Diplomatura.

· AEDL (ST Sala Social TSXG 22/05/2002) - 1 puesto - Indefinido (no fijo) - Licenciatura.

· Jardinero - 1 puesto - Laboral Fijo - Estudios Primarios.

· Operario desbrozadora - 1 puesto - Laboral fijo - Estudios Primarios.

· Operarios - 3 puestos - Temporal - Estudios Primarios.

· Auxiliar ayuda a domicilio - 4 puestos - Subvención - Estudios Primarios.

· Auxiliar ayuda a domicilio (ST.250/2009 J. de lo Social) - 1 puesto - Indefinido (no fijo) - Estudios primarios.

· Auxiliar administrativa - 1 puesto - FP2 o asimilable - Subvención.

· Azafata información xuvenil - 1 puesto - Subvención - Grado Medio.

· Educadora familiar - 1 puesto - Subvención - Grado Medio.

## RESUMEN.

FUNCIONARIOS: 6.

LABORALES: 15.

TOTAL PLANTILLA: 21.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de dita Xurisdición.

En O Saviñao, a 7 de setembro de 2009.- O Alcalde, Joaquín González González.

R. 04895

## PRECIOS DE SUSCRIPCIÓN

Al año .....36,06 €  
 Al semestre .....24,04 €  
 Más gastos de envío  
 Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

## VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 €  
 Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €  
 Por ejemplar de más de 12 páginas .....1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

## ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números .....0,15 €  
 - Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.  
 - La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.  
 - Importe mínimo de publicación .....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)  
 Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."